

# O IMPERIALISMO

Hacia 1870 a sociedade internacional asistiu a grandes cambios:

**A guerra franco-prusiana**, que supuso o afondamento do II Imperio francés e o nacemento do Imperio Alemán

**A anexión italiana de Roma**, que concluía o proceso de unificación empezado anos atrás

A disolución da **I Internacional** e a aparición dos primeiros partidos socialistas

A **fin da Guerra de Secesión nos Estados Unidos** e o comezo da súa expansión territorial cara o Pacífico

A fin do feudalismo xaponés, despois do triunfo da **revolución Meiji**

O comezo da **II Revolución industrial**, acompañado dunha nova revolución demográfica

Unha nova **forma de expansionismo colonial**, levada a cabo polas grandes potencias existentes, Francia, Gran Bretaña e Rusia, e polas novas emergentes, Alemaña, Xapón e os Estados Unidos, que recibirá o Nome de "**Imperialismo**", posto que abarcará grandes zonas do planeta que caerán nas mans duns poucos Estados.

## **CAUSAS DO IMPERIALISMO**

**Económicas.** Os países buscan **colocar os excedentes** da súa produción noutros mercados, ao tempo que necesitan abastecerse de **materias primas** a menor prezo e **investir os capitais** acumulados en novos negocios nos que utilizar man de obra barata.

**Demográficas.** A presión demográfica en Europa, debido ao crecemento espectacular da poboación durante o S.XIX, estimulou a búsqueda de zonas con climas similares aos da metrópole para **colocar ese excedente demográfico** e para evitar o malestar social interno.

**Políticas.** Dado que as fronteiras europeas xa estaban estabilizadas, tratábase agora de expandirse territorialmente sobre outras rexións extraeuropeas, ben por **razóns estratéxicas** ou económicas (Gran Bretaña e Estados Unidos), ben para **afirmar o prestixio dun país** (Francia, trala derrota con Prusia), ou ben para ampliar as zonas de influencia como base do seu **nacionalismo** (Alemaña, Italia e Xapón)

**Ideolóxicas.** Deféndese a **misión civilizadora** daqueles países superiores cultural e tecnoloxicamente para levar sobre estas zonas a educación, a sanidade e a paz social. Trátase realmente de aproveitarse dos recursos naturais daqueles que non saben explotalos e dun certo "**darwinismo social**", no que se afirma a **superioridade da raza branca** sobre outras etnias, o que xustificaría o dominio sobre estes pobos.

## A ORGANIZACIÓN COLONIAL

A colonia era organizada para ser controlada e administrada pola **metrópole**. En xeral, podemos distinguir tres tipos colonias:

**Colonias de explotación.** **Dependen directamente da metrópole** e son dirixidas por un gobernador, mandos militares e funcionarios que manteñen a administración e a orde. Teñen un **fin puramente económico** e o comercio dos seus produtos corresponde en exclusiva á metrópole. A explotación típica é a plantación (cacao, café, té, algodón, sucre), aínda que tamén se aproveitan os recursos minerais como o ouro, o carbón ou os diamantes. Neste perfil atopáranse a maior parte dos Estados africanos e parte dos asiáticos.

**Colonias de poboamento.** Foron creadas para **absorber o excedente de poboación europea**, aproveitando o escaso número de poboación indíxena (Australia), as condicións climáticas similares (Novoa Zelandia, Canadá) e, en certos casos, a riqueza da zona (Sudáfrica). A metrópole concedeulles un trato especial e unha certa autonomía no goberno interior. No Imperio británico recibiron o nome de **Dominios**, mentres que para Francia convertíronse en provincias de ultramar.

**Protectorados.** Son territorios nos que a metrópole **mantén un goberno indíxena**, pero reservase para el as relacións económicas, de defensa e de política exterior. Marrocos ou Exipto son exemplos de protectorado.

## O REPARTO DE ÁFRICA

A colonización do continente africano foi moi rápida e significou o dominio case total do mesmo. As características que presenta esta colonización foron as seguintes:

Tratábase dun **continente pouco poboado**.

A presenza foi **exclusivamente europea**, sobre todo británica e francesa.

A conquista e colonización tivo lugar tras expedicións misioneras e científicas, como as levadas a cabo por exploradores como Stanley, Livingstone e Brazza.

**Só Liberia e Abisinia (Etiopía) non foron obxecto de colonización.**

A pesar dos focos de tensión, **apenas houbo conflitos armados**

A **Conferencia de Berlín**, convocada por Bismarck en 1885, **fixou os principios e as zonas de ocupación**, no que supuxo unha auténtica repartición do continente.

As liñas de expansión articuláronse en torno as concas dos grandes ríos. Nilo, Congo, Níxer, Senegal e Zambeze. A partir de ahí se desenvolverán os proxectos das diferentes potencias imperialistas:

O **proxecto británico** pretendía unir por ferrocarril o **norte co sur** (O Cairo-O Cabo).

O **proxecto francés** perseguía un dominio **oeste-leste** (Oceano Atlántico-Mar Vermello)

O **proxecto alemán** quería unir as colonias de **África Sudoccidental (Namibia) con Tanganica (Tanzania)**.

O **proxecto portugués** perseguía a realización dun **mapa cor de rosa** que unira Angola e Mozambique.

O **proxecto belga** ceñíase unicamente ao territorio do **Congo** e as zonas contiguas.

Na realización de todos estes proxectos xurdiron tensión entre as diferentes potencias que, normalmente, foron resoltas pola vía diplomática. O único conflito armado tivo lugar entre 1899 e 1902 entre británicos e holandeses (bóers) polo territorio sudafricano de Orange, moi rico en ouro e diamantes. O resultado da chamada "**Guerras dos Bóers**" foi o triunfo británico.

## O OCUPACIÓN DE ASIA

A diferenza de África, Asia era un continente **moi poboado** no que ademais de **potencias europeas** tamén participaron **outros países como Xapón e os Estados Unidos**. A rivalidade constante entre as grandes potencias fixo necesaria a existencia de **Estados tapón** como Siam (Tailandia) ou Afghánistán. Iso non impediu varios conflitos armados como a Guerra ruso-xaponesa por Manchuria ou a Guerra chino-xaponesa por Corea.

Un caso especial foi o de **China**, obrigada polos británicos a abrir seus portos ás potencias imperialistas tralas chamadas "**Guerras do Opio**". As **concesións** chinesas ás potencias estranxeiras desataron un clima de malestar entre a súa poboación que rematou en 1900 coa **revolta dos Bóxers**. A derrota chinesa unicamente serviu para acabar co Imperio chinu e para proclamar a República (1911).

A **ocupación británica** centrouse en **Asia central e meridional**, mentres que **Francia** estivo interesada en **Indochina** (Vietnam, Laos e Camboia), **Holanda** nas illas de **Indonesia**, **Rusia** en **Asia central e oriental**, **Xapón** no territorio chinu e **Corea**, e **Alemaña e os Estados Unidos** na illas do **Pacífico**.

## OS IMPERIOS

**Gran Bretaña.** A principios do S. XX, Gran Bretaña poseía o maior imperio colonial do mundo. Controlaba **puntos estratéxicos** no Mediterráneo (Malta, Chipre, Corfú), Atlántico (Xibraltar, O Cabo, Santa Elena, Malvinas), Índico (Mauricio, Adén, Ceilán) e Pacífico (Singapur e Hong-Kong).

Tiña colonias de poboamento (**dominios**) en Canadá, Sudáfrica, Australia e Nova Zelandia.

A súa principal colonia de explotación era a India (a “**Xoia da Coroa**”), pero tiña moitas máis repartidas por Asia (Malaisia, Birmania), África (Nixeria, Uganda, Serra Leona) e América (Belice, Antillas, Guyana).

**Francia.** O segundo imperio colonial en importancia era o francés. Controlaba o **norte de África** (Alxeria e os protectorados sobre Túnez e Marrocos), a **franja subsahariana** de oeste a leste (Senegal, Costa de Marfil, Chad), as illas de Madagascar, Comores e Reunión, o protectorado sobre **Indochina** e territorios no Pacífico (Tahití e illas Marquesas)

**Alemaña.** Aínda que chegou tarde ao reparto controlou certos territorios en África (Togo, Camerún, Namibia e Tanzania) e no Pacífico (as illas de Nova Guinea, Salomón, Palaos, Marianas, Carolinas e Samoa)

**Estados Unidos.** Comezou o seu expansionismo trala Guerra de Secesión. En 1867 comproulle **Alaska** a Rusia. Trala guerra con España (1898) obtivo **Filipinas, Porto Rico, Haití, Guam e o protectorado sobre Cuba**. En 1899, anexionouse Hawai, e posteriormente establecería un **protectorado especial sobre América Central**.

**España.** Tras perder definitivamente os territorios en América e no Pacífico tan só manterá colonias en África (Guinea ecuatorial, o **norte de Marrocos e o Sáhara Occidental**).

**Tamén** tiveron importantes territorios coloniais países como **Rusia** (a zona do Cáucaso e Siberia), **Xapón** (Corea, Formosa), **Portugal** (Angola e Mozambique), **Holanda** (Indonesia), **Bélxica** (Congo) e **Italia** (Somalia, Eritrea e Libia).

## CONSECUENCIAS DO IMPERIALISMO

### Positivas:

Melloras sanitarias coa adopción de medidas hixiénicas, construción de novos hospitais e avances nas vacinas. Todo isto contribuíu á **reducción da mortalidade**.

Melloras nos niveis de ensino (escolarización e **descenso do analfabetismo**), aínda que seguindo as pautas occidentais.

**Melloras nas infraestructuras** de comunicación, construindo portos, estradas, ferrocarrís ou canais (como os de Suez e Panamá)

### Negativas:

Alteración das estruturas sociais (**desaparición de tribus**, clanes)

**Aculturización**, ou eliminación progresiva de costumes autóctonos: língua, relixión, valores.

Explotación económica (mediante o sistema de grandes plantacións e un **pacto colonial desventaxoso**) e expoliación de recursos.

Fomento do odio entre indíxenas ao establecer **fronteiras artificiais** que separaban tribus e familias en dous ou máis Estados.